

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	Fernando Blanco	Cee	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0653	Xestión financeira	2023/2024	7	123	147
MP0653_12	Produtos e servizos financeiros	2023/2024	7	90	108
MP0653_22	Seguros	2023/2024	7	33	39

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA YOLANDA TRILLO TOBA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Xestión Financeira atópase dentro do título de Técnico Superior en Administración e Finanzas, de grao superior e correspondente á familia Profesional de Administración. Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de xestión financeira da empresa, que trata aspectos como:

- Determinación das necesidades financeiras da empresa.
- Procura de financiamento e de axudas públicas.
- Procura de produtos e servizos financeiros que se adapten ás necesidades da empresa.
- Contratación de produtos e servizos financeiros e de seguros.
- Análise e selección de investimentos óptimos para a empresa, tanto bolsistas como en activos económicos.
- Verificación de orzamentos e detección de desviacións.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na área de financiamento de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade. Asimesmo, a formación do módulo permite o desenvolvemento das competencias profesionais previstas no currículo, a saber:

- Supervisar a xestión de tesouraría, a captación de recursos financeiros e o estudo de viabilidade de proxectos de investimento, seguindo as normas e os protocolos establecidos.
- Resolver situacións, problemas ou contingencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

As empresas da contorna produtiva de Cee e comarca son pequenas e medianas (PEMES), fundamentalmente do sector servizos, e con pouca especialización, que realizan todas as funcións da empresa, polo que demandan profesionais de grao superior cunha formación ampla e que contemple todos os ámbitos da tramitación da documentación empresarial, en xeral, e relacionada cos aspectos financeiros, en particular.

Esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar administrativos de amplos coñecementos nestes aspectos.

As persoas que obteñan este título exercerán a súa actividade en empresas medianas e pequenas, en calquera sector de actividade, normalmente no sector de servizos, así como nas administracións públicas, desempeñando as tarefas administrativas na xestión e no asesoramento nas áreas laboral, comercial, contable e fiscal desas empresas e institucións, ofrecéndolles un servizo e atención á clientela e á cidadanía, realizando trámites administrativos coas administracións públicas e xestionando o arquivo e as comunicacións da empresa.

Poderían traballar por conta propia, efectuando a xestión da súa propia empresa, ou a través do exercicio libre dunha actividade económica, como nunha asesoría financeira ou laboral, estudos de proxectos etc.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Administrativo/a de oficina.
- Administrativo/a comercial.
- Administrativo/a financeiro/a.
- Administrativo/a contable.
- Administrativo/a de loxística.
- Administrativo/a de banca e de seguros.
- Administrativo/a de recursos humanos.
- Administrativo/a da Administración pública.
- Administrativo/a de asesorías xurídicas, contables, laborais e fiscais, ou xestorías.
- Técnico/a en xestión de cobramentos.
- Responsable de atención á clientela.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Operacións financeiras.	Nesta unidade didáctica efectuaremos as operacións matemáticas e realizaremos os cálculos necesarios para valorar os produtos financeiros como rentas, préstamos e empréstitos.	36	27
2	Sistema financeiro e entidades financeiras.	Nesta unidade didáctica definiremos o sistema financeiro e as entidades financeiras españolas e distinguiremos e clasificaremos os diferentes activos financeiros, os mercados financeiros e os intermediarios financeiros.	16	10
3	Sistema bancario.	Nesta unidade didáctica identificaremos aos integrantes do sistema bancario e distinguiremos as principais operacións bancarias de Activo e de Pasivo.	16	10
4	Necesidades financeiras e orzamentos e necesidades de financiación.	Nesta unidade didáctica distinguiremos a financiación e as fontes de financiación e axudas económicas das empresas. Seleccionaremos os investimentos máis vantaxosos para a empresa.	20	15
5	Valores mobiliarios.	Nesta unidade didáctica identificaremos os principais valores mobiliarios e realizaremos os cálculos que nos permitan efectuar a selección dos investimentos máis rentables.	20	12
6	Actividade aseguradora.	Nesta unidade didáctica comprenderemos en que consiste a actividade aseguradora e identificaremos os elementos que interveñen nun contrato de seguros..	16	10
7	Sector seguros.	Nesta unidade didáctica identificaremos os riscos incluídos nos distintos tipos de seguros e asociaremos os fondos de pensións no entorno dos seguros.	23	16

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Operacións financeiras.	36

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.
CA3.7 Comparáronse os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.
CA3.8 Comparáronse as rendibilidade, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos financeiros.
CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira. Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito. Análise de operacións de liquidación de contas. Análise de operacións de depósitos. Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización. Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Aplicación financeira da folla de cálculo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistema financeiro e entidades financeiras.	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
CA2.2 Precísáronse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.

Criterios de avaliación
CA2.3 Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
CA2.4 Recoñecéronse as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.5 Identifícanse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.6 Relaciónáronse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.
CA2.8 Identifícanse e clasifícanse os mercados financeiros.
CA2.9 Identifícanse as funcións e os órganos de goberno do Banco de España.
0CA2.10 Diferenciáronse as entidades dependentes do Banco de España.
CA2.11 Coñecéronse as funcións e a composición do Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC).
CA2.12 Recoñecéronse as entidades tutelares do sistema financeiro español.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistema financeiro.
Produtos financeiros de pasivo e de activo.
Servizos financeiros.
Outros produtos financeiros.
Mercados financeiros.
Banco de España.
Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC).

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistema bancario.	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.
0CA3.10 Identifícanse aos integrantes do sistema bancario.
CA3.11 Determináronse os servizos que presta o sistema bancario.
CA3.12 Coñecéronse os principais medios de pago.
CA3.13 Cumprimentáronse cheques, letras, pagarés,...

4.3.e) Contidos

Contidos
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira. 0Medios de pago. Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito. Análise de operacións de liquidación de contas. Análise de operacións de depósitos. Aplicación financeira da folia de cálculo. Entidades bancarias.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Necesidades financeiras e orzamentos e necesidades de financiación.	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.	SI
RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.	NO
RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.

Criterios de avaliación
CA1.2 Verifícanse informes económico-financeiros e patrimoniais dos estados contables.
CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.
CA1.4 Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.
CA1.5 Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.
CA1.6 Identifícanse as características das formas de apoio financeiro á empresa.
CA1.7 Contrastouse a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.
CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
CA4.5 Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.
CA4.6 Identifícanse as variables que inflúen nun investimento económico.
CA4.7 Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.
CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.
CA5.2 Comprobouse que a información estea completa e na forma requirida.
CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.
CA5.4 Verifícanse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.
CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.
CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.
CA5.7 Ordenouse e arquívouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.
CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Análise de estados financeiros.
Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.
Investimentos económicos.
Aplicación financeira da folia de cálculo.
Métodos de orzamentación.
Orzamento mestre e orzamento operativo.
Cálculo e análise de desviacións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Valores mobiliarios.	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
CA4.2 Clasifícanse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.
CA4.3 Distingúronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.

Criterios de avaliación

CA4.4 Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.

4.5.e) Contidos
Contidos

Mercados financeiros.

Renda fixa e variable.

Débeda pública e privada.

As accións.

Ampliacións de capital

Fondos de investimento.

Produtos derivados.

Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Actividade aseguradora.	16

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
CA1.3 Identifícanse os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA1.5 Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.
CA1.6 Determináronse os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.
CA1.7 Identifícanse as primas e os seus compoñentes.
CA1.8 Determinouse o tratamento fiscal dos seguros.

4.6.e) Contidos

Contidos
Concepto, características e clasificación. Contrato de seguro e a valoración de riscos. Elementos materiais e persoais dos seguros. Tarifas e primas. Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Sector seguros.	23

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
CA1.4 Clasifícanse os tipos de seguros.
CA1.4.1 Identifícanse e clasifícanse os seguros contra danos.
CA1.4.2 Identifícanse e clasifícanse os seguros sobre persoas.
CA1.9 Asocia os fondos de pensións ao entorno do sector seguros.

4.7.e) Contidos

Contidos
Contrato de seguro e a valoración de riscos.
Clasificación dos seguros.
Seguros contra danos.
Seguros sobre persoas.
Fondos de pensións.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos exixibles para acadar positivamente a avaliación son os que figuran en cada unha das unidades didácticas da programación:

- O sistema financeiro.
- Productos financeiros de pasivo.
- Productos financeiros de activo.
- Principais servizos bancarios.
- Leis e operacións financeiras.
- A capitalización simple.
- Tantos equivalentes, tantos proporcionais.
- Relación entre o interés do ano comercial e o do ano civil.
- Métodos abreviados para o cálculo do interés.
- Equivalencia entre tipo de desconto comercial e racional. Tipo de interés vencido e anticipado.
- Aplicación da capitalización simple aos productos financeiros. Liquidación de contas correntes e de aforro.
- Desconto ou actualización.
- Desconto simple comercial ou bancario.
- Desconto simple racional ou matemático.
- Equivalencia financeira: capitais equivalentes. Vencemento común e medio.
- Xestión de cobro e liquidación de efectos.
- Capitalización composta.
- Análise comparativo: Capitalización simple e composta.
- Capitalización non anual ou fraccionada..
- Actualización composta ou desconto composto.
- Aplicación das operacións financeiras.
- Concepto de renda financeira e clasificación das rendas constantes.
- Rendas variables.
- Rendas fraccionadas.
- Métodos de amortización de préstamos e a súa operatividade.

- Introducción ao seguro.
- Clasificación dos seguros.
- Seguros persoais.
- Seguros patrimoniais.
- Seguros asistenciais.
- Valores mobiliarios de renda variable.
- Valores mobiliarios de renda fixa.
- Fondos de investimento.
- Métodos de valoración e selección de investimentos.
- Os orzamentos.
- Orzamentos de tesouraría.
- Etc.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A nota de cada avaliación obterase a través de:

- a) En cada avaliación o-a alumno-a realizará unha proba obxectiva ou varias, de carácter teórico e práctico ou de carácter práctico, que suporá un 80% da nota. A nota desta parte será o resultado de calcular a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas obxectivas.
- b) As actividades, tarefas e traballos suporán un 20% da nota. A nota desta parte será o resultado de calcular a media aritmética das cualificacións obtidas nas tarefas, tendo en conta que a entrega fóra do prazo establecido polo docente ou a non entrega, sen a debida xustificación, suporá unha nota de cero puntos. A sospeita fundada de copia implica a consideración de non entregado e terá o mesmo tratamento que o exposto anteriormente. En todo caso se nalgún dos trimestres non se realizasen traballos escritos este 20% pasaríase a avaliar co instrumento de avaliación contemplado no apartado a).

A valoración que acade cada alumno/a obterase coa media ponderada das notas obtidas en cada un dos dous apartados (probas obxectivas e traballos).

O sistema de cualificación será numérico entre 1 e 10, expresado con números enteiros. A nota redondearase á alza se o decimal é superior a 5 e á baixa se é igual ou inferior a 5 para o seu rexistro no XADE (agás cando a nota estea entre 4,01 e 4,99 que dará unha nota de 4).

A avaliación estará superada se a nota é 5 ou superior.

Farase unha proba de recuperación (previa a FCT) por cada proba obxectiva non superada.

NOTA FINAL:

A nota final será a media das notas trimestrais utilizando as notas de cada avaliación sen redondear. A nota final redondearase á alza se o decimal é superior a 5 e á baixa se é igual ou inferior a 5 para o seu rexistro no XADE (agás cando a nota estea entre 4,01 e 4,99 que dará unha nota de 4).

O alumno terá que acadar unha nota final igual ou superior a 5 para aprobar o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non superase o módulo en marzo/abril, o-a profesor-a propondrá actividades de reforzo, repaso e profundización segundo as necesidades de cada un-unha durante o período ordinario de realización da FCT (marzo-xuño) e serán avaliados nunha proba extraordinaria no mes de xuño.

Para superar o módulo o-a alumno-a deberá obter unha nota de 5 ou superior na proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño que consistirá nun exame teórico-practico no que o alumnado deberá demostrar que acadou os mínimos exixibles do módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha única proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Esta proba será valorada sobre 10 puntos debendo o-a alumno-a acadar unha puntuación de 5 ou máis para aprobar.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

En cada avaliación farase una valoración sobre a temporalización e o seguimento das unidades didácticas.

Cando remate o curso académico realizarase una valoración global de toda a programación.

Nestas valoracións analizaranse os seguintes aspectos:

1. Fase de preparación das clases antes de poñernos diante d@s alumn@s, facéndonos preguntas como:

-Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características do alumnado?

2. Fase de análise da realización das clases, distinguindo aspectos tales coma:

-Motivación para o aprendizaxe dos alumn@s.

-Presentación dos contidos.

-Actividades na aula.

-Recursos e organización da aula.

3. Fase de avaliación, que consiste nun proceso continuo que nos permite reaxustar os contidos da programación da aula cos aprendizaxes reais dos alumnos/as.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL: realizarase ó inicio do proceso, co fin de contribuir á maior adaptación posible da organización e da programación deste. A reunión da avaliación inicial será realizada según os criterios establecidos pola Xefatura de Estudos en cada curso académico. O profesorado, de xeito individual, fará unha previa avaliación inicial, que será posta en valor con posterioridade de xeito colexiado e presidida polo Xefe de Estudos. Nesta reunión determinaranse as características do grupo analizado e as medidas de reforzo a levar a cabo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Á hora de levar a cabo a programación didáctica na aula, o profesorado dos distintos módulos poderémos atopar con alumnado de perfís académicos ben distintos:

- Alumnado con alta capacidade para asimilar os coñecementos e, a súa vez, interese pola materia impartida.

- Alumnado con dificultade de asimilación dos coñecementos e, a súa vez, interese pola materia.

- Alumnado con capacidade para asimilar e pouco interese.

- Alumnado con dificultades de aprendizaxe e pouco interese académico.



- Alumnado con dificultade para o entendemento do idioma.

O mellor xeito de atender á diversidade é de prever problemas de aprendizaxe e elaborar programacións que sexan sensibles ás diferenzas e que favorezan á individualización do ensino.

Como medidas de apoio a levar a cabo ante alumnos/as que presentan necesidades especiais, poderíamos citar:

- Potenciar a atención individualizada, sempre que sexa posible.
- Uso de metodoloxías flexibles á hora de levar a cabo a explicación na aula.
- Ritmos de traballo distintos en canto á resolución de actividades na aula.
- Utilización de materiais didácticos non homoxéneos (diferentes graos de complexidade).

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No traballo das ensinanzas transversais, e dos valores en xeral, é especialmente importante respetar a liberdade do alumno/a e o seu ritmo de progreso, buscando sempre unha resposta libre e persoal. O seu tratamento efectuarase ben durante o desenvolvemento habitual da clase ou a través de debates organizados e dirixidos polo profesor, análise de artigos de actualidade, etc.

En relación con este módulo, os temas transversais que gardan unha maior relación son os seguintes:

*Educación do consumidor :

É un dos máis relacionados co módulo de xestión financeira. Prácticamente en tódalas unidades didácticas pódese facer unha referencia tanto explícita como implícita acerca do mesmo.

-Valorar a importancia das estadísticas económicas como medio para coñecer a realidade.

- Analizar e describir o diñeiro, as súas funcións e o papel que desempeñan no sistema financeiro actual, con exemplos claros sobre o uso que lle dan eles aos cartos.

*Educación moral e cívica :

- Empregar os coñecementos económicos-financeiros adquiridos para adoptar unha postura crítica e flexible ante os grandes problemas financeiros actuais.
- Analizar as informacións que aparecen nos medios de comunicación en relación cós problemas sociais, culturais e valoralas dende un punto de vista financeiro.

*Educación para a paz :

- A solidariedade será o punto de mira de todo o proceso, relativizando os valores propios e fomentando actitudes de tolerancia e cooperación. Débese insistir no carácter global dos problemas do mundo e na interdependencia dos estados.

- Analizar de forma crítica as crisis financeiras pasadas e actuais.
- Utilizar o diálogo e a comunicación como medios indispensables para traballar en equipo, tomar decisións ou chegar a acordos.

*Educación para Europa :

- O desenvolvemento da identidade europea.

A educación en valores cívicos e profesionais está presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

Avaliación das ensinanzas transversais :

A observación sistemática de opinións e actuacións en grupo, nos debates e reunións, no traballo na aula, nas visitas culturais, no cumprimento dos encargos e responsabilidades, constituirá unha valiosa fonte de información para coñecer o progreso de cada alumno/a no seu desenvolvemento moral e permitirá axustar a súa acción educativa.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as actividades complementarias e extraescolares que se acorden no departamento.

10.Outros apartados

10.1) OUTROS

A profesora entregará material e empregárase o libro de texto Gestión financiera (Ed. Mc Graw Hill).